ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

FICHA DA ACTIVIDADE FORMATIVA
CV26083

1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: A IA aplicada á orientación laboral. EMIEmprego Intelixente

CONVOCATORIA: EMPREGO-Convenio

GRUPO: Cursos Convenios

ÁREA: Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	**PLAN:**	F. FINALISTAS	**HORAS:**	30
ADMINISTRACIÓN:	AUTONÓMICA	**ESTADO:**	CONVOCADO	**ANO:**	2026
MOD.IMPARTICIÓN:	TELEFORMACIÓN	**TIPOLOXÍA:**	XERAL	**EDICIÓNS:**	1

DATA MATRÍCULA: Do 02/06/2026 - 09:00h ao 08/06/2026 - 14:00h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

O curso de formación sobre a ferramenta EMi – Emprego Intelixente ten como obxectivo achegar ao persoal técnico do Servizo Público de Emprego de Galicia os coñecementos necesarios para o uso efectivo desta ferramenta, orientada á xestión por competencias no acompañamento ás persoas demandantes de emprego.
Ao longo do curso abordaranse os distintos módulos da ferramenta EMi, dende o acceso e a visualización da información da persoa demandante ata a creación e edición do seu perfil competencial. Tamén se traballarán as funcionalidades relacionadas coa busca de ocupacións segundo competencias, a análise de datos de emprego (contratacións, ofertas, predicións ou empresas), así como outras utilidades dispoñibles, como a sondaxe por competencias ou a comunicación con SICAS.
A formación permitirá ao persoal coñecer en detalle o funcionamento da ferramenta, mellorar a calidade da orientación laboral baseada en datos actualizados e facilitar a toma de decisións axustadas ao perfil competencial e ás oportunidades reais do mercado de traballo galego.

DESTINATARIOS

Esta acción formativa esta dirixida exclusivamente ao persoal que pertenza aos seguintes colectivos na data de finalización do prazo de solicitude das accións formativas:

• Persoal das oficinas de emprego, da Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais, así como ao persoal dos Departamentos Territoriais da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

• Persoal da Subdirección Xeral do Retorno dependente da Secretaría Xeral de Emigración

PROGRAMA

MÓDULO 1: ACCESO E INFORMACIÓN DA PERSOA DEMANDANTE.
1. Acceso a EMi.
2. Ficha demandante
3. Info demandante

MÓDULO 2: PERFIL COMPETENCIAL.
1. Perfil competencial
2. Creación do perfil competencial
3. Visualización do perfil competencial
4. Edición do perfil competencial
5. Ocupacións e empregabilidade

MÓDULO 3: FERRAMENTAS DE PROCURA DE OCUPACIÓNS EN COMPETENCIAS.
1. Equivalencias de ocupacións CNO – ESCO
2. Glosario de ocupacións ESCO

3. Glosario de competencias ESCO
MÓDULO 4: DATOS DE EMPREGO.
1. Contratados VS Demandantes
2. Contratados
3. Demandantes
4. Ofertas
5. Predicións
6. Empresas
MÓDULO 5: OUTRAS UTILIDADES.
1. Sondaxe por competencias
2. Actualización dos datos
3. Comunicación con SICAS

CRITERIOS DE SELECCIÓN
As prazas asignaranse por orde de inscrición.

3. DATOS EDICIÓNS

T01		
LOCALIDADE: TELEFORMACIÓN		**INICIO / FIN:** 19/10/2026 a 16/11/2026
NUM. PRAZAS: 50	**ESTADO:** NORMAL - (SELECCIÓN DISP.)	**DATA EXAME:** 20/11/2026 ás 18:00h
DOCENTES NOMEADOS		
NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE		
LUGAR DE REALIZACIÓN		
Proba final en liña.		